

COMUNICADO DE PRENSA CO ROGO DA SÚA PUBLICACIÓN.

As organizacións sindicais CCOO, CESM, CSIF, SAE, UGT e CIG-SAÚDE queren denunciar perante a opinión pública a actitude que mantén a Consellaría de Sanidade negando o dereito que teñen os profesionais do sistema sanitario galego ao recoñecemento profesional.

O Servizo Galego de Saúde é o único servizo de saúde que non ten desenvolvido o réxime ordinario de carreira profesional das/os súas/seus traballadoras/os. O argumento esgrimido é que o actual goberno non pode asumir o custo desta carreira, e de presentar algún texto este sería mais regresivo que o texto presentado polo anterior goberno e rexeitado pól as organizacións sindicais.

É lamentable que non saibamos cal vai ser a proposta que sobre carreira ordinaria ten pensado presentar o actual equipo da Consellaría de Sanidade. Pero todo parece apuntar que a política de “Xestión de Aforro”, anunciada tantas veces, na sanidade pública preténdese facer en base a impedir que unha parte das/os traballadoras/es do SERGAS teña dereito a unha carreira profesional “DIGNA” en consonancia co modelo de carreira extraordinaria dos seus compañeiros e do resto de carreiras negociadas e xa implantadas nos servizos de saúde das CCAA.

Estaba aceptado por todas as partes que compoñen a Mesa Sectorial que a diferenza entre o réxime de carreira extra e o réxime de carreira ordinaria estaría baseado no sistema de avaliación; e non nun sistema de anos e trabas que dificulten que todos as/os profesionais teñan dereito a un recoñecemento do seu desenvolvemento profesional. Esixir si, pagar tamén.

Por todo isto, as organizacións sindicais CCOO, CESM, CSIF, SAE, UGT e CIG-SAÚDE, solicitamos da Consellaría de Sanidade que convoque a Mesa Sectorial para seguir avanzando na negociación do réxime ordinario de carreira: acceso, requisitos...

A dita reunión deberá producirse na 1ª semana do mes de setembro. De non acontecer isto, veriámonos na obriga de retomar as mobilizacións adiadas no seu día, para darlle un marxe de tempo ao novo goberno.

É responsabilidade da Sra. Conselleira evitar un clima de conflictividade dentro da sanidade pública, recoñecendo o dereito ao desenvolvemento profesional das/dos traballadoras/es.

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2009.

